

Presentación do Anuario Brigantino 2007, nº 30

ANTOLÍN SÁNCHEZ PRESEDO*

Señora Alcaldesa, señoras e señores concelleiros, señor Vicepresidente do Parlamento de Galicia, señores representantes das entidades copatrocinadoras (Deputación Provincial da Coruña, Banco Echeverría, Fundación Caixa Galicia e Fundación Manuel Villuendas Pena), señor director do Anuario, señoras e señores, amigas e amigos todos:

Participar neste acto, unir o meu nome ao das persoas que presentaron o Anuario e ter a oportunidade de gozar de tan boa compañía é para min un motivo de emoción e gratitude. Agradezo e aprecio moito a amable invitación da Alcaldesa e a hospitalidade da Corporación Municipal. Goethe dicía, «*feliz o home que sente orgullo dos seus antepasados, que gusta relatar os seus feitos e se alegra sentíndose un elo da súa cadea*». Se a felicidade consiste nese enlace harmonioso, son feliz neste acto de presentación do Anuario, porque me permite recordar aos nosos devanceiros con lexítima satisfacción, exporlles a miña experiencia e congratularme publicamente de formar parte da vida municipal.

Aínda que unha cidade co avoengo da nosa pode celebrar cada ano diferentes conmemoracións, este é un ano especial de celebración para o Anuario Brigantino. Cúmpranse seis décadas desde a súa aparición, preséntase o seu número trinta -non podemos esquecer que sufriu dúas interrupcións que suman trinta anos- e celébranse as vodas de prata de Alfredo Erias como director da publicación. A miña presenza nesta mesa, como Alcalde que o nomeou por primeira vez, xunto á actual Alcaldesa que o mantivo nun posto que desempeñou ininterrompidamente durante estes vinte e cinco anos, simboliza a satisfacción e o recoñecemento xeral polo seu bo quefacer durante este tempo. Así pois, moitas felicidades para o Anuario Brigantino e para o seu director neste singular aniversario.

Un libro e unha árbore teñen moito en común: a materia, as follas e o símbolo do coñecemento. A min gústame ver o Anuario como unha árbore cada vez máis grande e frondosa, cunha póla nova cada ano. É unha árbore da memoria. A memoria é moito máis sofisticada que a alta tecnoloxía, porque permite experimentar a propia identidade. Cando un perde a memoria chega a estar ausente. O noso Anuario é un exemplo da loita de Betanzos contra o esquecemento e a devastación do tempo, a vontade de contar cun espazo propio na memoria universal. Walter Benjamín dixo que a memoria se «*asemella a raios ultravioletas capaces de detectar aspectos nunca vistos da realidade*», por iso o Anuario enriquece a nosa existencia. Vivimos nunha cidade pero só o facemos plenamente se habitamos a súa memoria. O Anuario permítenos habitar verdadeiramente a nosa cidade.

Hai uns días, a revista *Nature* lembraba que en 1918 unha epidemia de gripe arrasou o planeta ocasionando cincuenta millóns de mortos e informaba que hai tres anos un laboratorio descubrira a secuencia do xenoma do virus responsable, unha mutación do causante da gripe aviar. Grazas ás técnicas de inmunoloxía e ás mostras de trinta e dous superviventes con máis de 90 anos de idade que perderan algún familiar pola gripe, conseguiron illar os anticorpos que neutralizaran o virus de 1918. A investigación abriu

***Antolín Sánchez Presedo** foi Alcalde de Betanzos (1983-1985) e Conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas da Xunta de Galicia. Actualmente é europarlamentario galego.

Anuario Brigantino 2008, nº 31

unha porta á esperanza: tras varias décadas os anticorpos permanecían activos, podían actuar contra outras cepas e eran ideais para deseñar as novas vacinas contra a gripe aviar.

O Anuario Brigantino é tamén un portador de anticorpos, o seu zume está cheo de principios vitais para superar brotes de vellas enfermidades e de recursos para afrontar os novos desafíos da nosa cidade.

O antecedente do Anuario sitúase tamén en 1918 coa edición do libro conmemorativo dos Xogos Froraes organizados pola Irmandade da Fala de Betanzos. Na presentación, o seu presidente, Francisco Vales Villamarín, sintetizou o seu programa reproducindo a luminosa frase do mestre Porteiro: «*no orden interior, por enriba de todo somos galegos, e no internacional, primeiro de nada, españoles*». O libro era unha alegación a favor da cultura, a diversidade e a aproximación aos problemas rexionais e locais como fonte de nova vitalidade para aquela España atormentada e en conflito, tan necesitada de optimismo e poesía. Dentro de dez anos cumprírase o primeiro centenario deste importante evento e creo que o mellor pórtico para a súa conmemoración sería a celebración dun Día das Letras Galegas dedicado ao inesquecible mestre Vales Villamarín.

O primeiro Anuario foi froito daquelas flores. O proceso de maduración foi lento, pasaron tres décadas antes de que en 1948 vise a luz dirixido polo propio Vales Villamarín, cronista oficial da cidade desde 1940, e baixo o patrocinio do Concello presidido por Tomás Dapena. O primeiro número do Anuario é unha publicación esencialmente local na que predomina a temática histórica e literaria, así como a presenza de estudos e traballos a cargo de colaboradores foráneos e locais, trazos que seguen vixentes na actualidade. Aínda que en 1949 apareceu o segundo, a escaseza económica e a estreiteza dos tempos debilitaron aquel impulso inicial; o terceiro número atrasouse ata 1951 e a continuación produciuse un longo silencio.

As flores non murcharon. Seguían vivas e deron novamente os seus froitos cando chegaron mellores tempos. Durante a primeira corporación democrática, baixo a presidencia e o impulso de Vicente de la Fuente García, viu a luz, en 1981, o cuarto Anuario dirixido outra vez por Vales Villamarín que, logo de ser nomeado fillo predilecto de Betanzos o ano anterior, quixo dedicarlle as súas últimas enerxías. Desde entón ata hoxe, o Anuario non volveu a faltar á cita, nin sequera en 1982 cando, sobrepóndose ao falecemento do recordado Vales Villamarín, editouse de novo grazas ao excepcional esforzo dos seus directores José Raimundo Núñez Lendoiro e Xosé Antón García G-Ledo.

Ao asumir a Alcaldía en 1983, a miña principal preocupación sobre o Anuario era asegurar a súa continuidade. Para conseguilo, pareceume necesario incluír a súa preparación entre as tarefas ordinarias do quefacer municipal e que as responsabilidades de dirección fosen asumidas por unha persoa ao servizo do Concello. Sentadas estas premisas, a decisión de encomendar a súa dirección ao arquivista bibliotecario estaba chea de lóxica, porque era o integrante do persoal municipal con máis alta cualificación no ámbito cultural. Crear sinerxias entre o Arquivo, o Museo das Mariñas e o Anuario era a mellor opción para a continuidade desta publicación e, por suposto, para a vida cultural da cidade.

A decisión tiña tamén un compoñente de homenaxe póstuma a Vales Villamarín. Recordo o impacto que me produciu nunha conversa que mantivemos, o seu relato sobre o estado de abandono do Arquivo Municipal. Fora tan calamitoso que, nunha ocasión, conseguiu salvar por casualidade unha cédula dos Reis Católicos das chamas da caldeira da calefacción municipal ás que parecía condenada xunto con outros papeis en desuso. O novo nomeamento xuntaba a dobre aspiración protectora e publicista de Vales Villamarín, tratábase

de gardar e ordenar os vellos documentos e ao tempo divulgar o seu contido de forma estruturada.

Alfredo Erias devolveu cento por un. Hai algúns anos, o recordado profesor José Antonio Míguez dicía que baixo a súa dirección «*o Anuario Brigantino cobra novo vigor cun formato máis acorde cos tempos e uns apartados moi precisos para as seccións de Historia, Arte, Literatura, Etnografía, Entidades culturais e deportivas, Acontecementos do ano e Administración municipal. Empezaba a dominar o rigor documental na publicación do Anuario e isto hai que cargalo no haber do director, o meu antigo e querido alumno Alfredo Erias. Xa desde entón o Anuario foi sempre a máis, tanto na calidade dos traballos como na extensión das súas páxinas*». Subscribo integramente esta valoración. Durante estes anos Alfredo conseguiu máis de cento cincuenta colaboracións para o Anuario e converteuse no seu autor máis prolífico. Hoxe o Anuario atópase fisicamente nos andeis da biblioteca do Congreso dos Estados Unidos e virtualmente na rede. Alfredo encheu o Anuario e o Museo de ilustracións e obras xurdidas do seu marabilloso talento creador. Revelouse como un home renacentista e multidimensional, capaz de plasmar a súa arte co lapis, a pluma, os pinceis, o cicel, a espátula, a cámara de fotos ou o computador. É o artista máis importante sobre o medioevo e as figuras do patrimonio monumental galego. A súa obra, recoñecida e admirada dentro e fóra do noso país, espera aínda un destino desde o que ensanchar o significado do noso pobo.

O presente Anuario é unha publicación voluminosa que, a pesar das súas 608 páxinas, resulta manexable pola calidade do seu formato e atractiva pola brillantez da súa edición. Reúne dúas dúcias de suxestivos traballos que poden lerse de vez e en orde lineal, pero eu aconsello gozalo de xeito máis demorado e personalizado, como unha viaxe de varias xornadas, programando cada lectura como unha etapa diferente segundo os gustos e preferencias de cada un.

A Historia, que foi definida por Cicerón como «*testemuña dos tempos*», agrupa os primeiros 16 traballos. Aínda que, como lectores perspicaces e ilustrados, daranse conta de que o director non dispuxo as sucesivas colaboracións aleatoriamente, senón segundo a antigüidade do obxecto que tratan. O traballo inicial corresponde aos «*Túmulos prehistóricos no concello de Cabanas*». O seu autor é a Asociación Cultural «*Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos*» que localiza os diferentes xacementos e, como primicia, dá a coñecer un novo da idade de ferro sito no castro de Cerdeiras, parroquia de Soaserra. O segundo, realizado por Fernando Alonso Romero, presenta unha interesante análise do petroglifo do Outeiro de Filladuiro en Mallou (Carnota) que, na súa opinión, podería representar unha Deusa Nai e a crenza nunha muller maxestosa cos poderes propios da feminidade xa na idade de bronce. Se queren deixar voar a súa mente, imaxínenos como un anuncio da Virxe María ou, noutra versión, do símbolo case místico de Gaia, a terra como ser vivo do ecoloxista Lovelock.

Os dous seguintes traballos refírense ao mundo celta. O Anuario volve ás súas orixes xa que no seu primeiro número reproducira un fragmento da «*Galicia*» de Manuel Murguía no que reivindicaba que «*A cidade de Betanzos é a Antiga Histórica Brigantium Flavium*» e facía unha apaixonada defensa do noso celtismo. Murguía identificou o xabaril como símbolo por excelencia dos celtas brigantinos. Esta idea refórzase se consideramos que o etnónimo ártabro procede de «*arta*» que significa osa, animal totémico do mundo celta, presente tamén na simbólica tumba de Fernán Pérez de Andrade. O noso historiador local, Martínez Santiso, sostíña igualmente que «*os verdadeiros aborixes de Betanzos son os*

celtas». Creo que non lles levo a contraria cando digo que, aínda que en Betanzos no cultural somos celtistas, no fútbol decantámonos maiormente polo deportivismo.

A colaboración de Andrés Pena titulada «*Galicia, cuna de los celtas de la Europa Atlántica*» sostén, proseguindo anteriores publicacións, que, desde o Neolítico, en Galicia desenvolveuse un sistema institucional céltico autóctono e que, ao retirarse a glaciación, foi emigrando a Irlanda, de aí a Gran Bretaña e desde alí á Bretaña continental. Os celtas, que segundo Heródoto habitaban a Europa central ao pé do Danubio e toda a parte Oeste do continente, eran coñecidos por Xulio César como galos. Os romanos denominaron Galaetia, Gallia ou Gallatas a pobos que se estendían por un extenso arco do seu imperio que ía desde o Atlántico a Asia Menor. Aínda hoxe xunto á Galicia galega atopamos a polaca, ucraína e eslovaca, o Gales en Gran Bretaña e o gaélico en Irlanda. Galicia pertence ao mundo celta e está na orixe do celtismo atlántico.

Manuel Alberro estuda as deusas de Galicia con equivalentes célticos ou indoeuropeos. A orixe da divindade máis importante do grupo, os antecedentes da famosa deusa de mananciais, arrosos e ríos son rastrexados ata o Neolítico europeo. É un interesante estudo que axuda a comprender a enorme importancia da auga para estes pobos con raíces lingüísticas comúns. E tamén a intensidade poética do «*adiós ríos, adios fontes, adiós regatos pequenos*» rosaliano.

Na seguinte colaboración, Fernando Coimbra examina as «*Lápides funerarias romanas com suástica em Portugal e na Galiza*». As súas conclusións inclínanse pola existencia de significados múltiples: o sol, un amuleto para viaxar polo outro mundo ou a transformación de defuntos en Deuses. Suxírolles un xogo, se invertésemos a perspectiva e puidésemos elevarnos e mirar Betanzos desde o ceo, poderíamos ver que representa un gran tríscele xeográfico integrado polos dous ríos e a ría. Como Octavio Paz poderíamos preguntarnos: que representamos para as estrelas?

A continuación hai tres interesantes traballos con temática ben diversa. Os arqueólogos Beatriz Comendador, Joaquín Ferrer e Santiago Vázquez converten este Anuario nunha botella na que introducen unha documentada mensaxe de información e alerta sobre «*Os Castros do Concello de Oleiros*»; espero que chegue a bo destino. Se len «*Os dous novos remates de torques castrexos*» de Lois Ladra poderán comprobar que a diversidade vai máis aló da innovación formal e responde a outras opcións, que comprenden as técnicas e económicas; quizais ao seu termo poidan reafirmar comigo a convicción de que o auténtico valor da arte vai máis aló do estético e consiste en reflectir o esforzo da intelixencia humana por ampliar os seus límites. Chegados a este punto, é bo momento para recordar que, paradoxalmente, a diversidade artística está ancorada nun carácter unitario das preocupacións humanas ao longo dos tempos; o artigo de Marcial Tenreiro Bermúdez «*Sobre ciertos sacrificios fundacionales y de delimitación y sus paralelos históricos y etnográficos*» apunta nesta dirección.

En Betanzos sentímonos moi vinculados a Ferrol, que historicamente pertenceu á nosa provincia. Aplaudo que, co traballo de Juan J. Burgoa, o Anuario Brigantino conmemore o 150 aniversario da cidade de Ferrol que se cumpre este ano. Como o fillo que se fixo maior e contraeu matrimonio, Ferrol segue sendo da familia e celebramos os seus éxitos.

Galicia merece a atención das dúas seguintes colaboracións. Carlos Pereira realiza un inventario exhaustivo dos «*Documentos da Orde do Santo Sepulcro de Galicia*», a presenza en Galicia desta orde militar internacional extinguida en 1489 por Inocencio VIII subliña novamente, na miña opinión, a importancia do cristianismo na conexión histórica

de Galicia co exterior. O estudo de Juan Granados sobre «*Policía de los pueblos: comisarios borbónicos y fomento económico en el siglo XVIII gallego*» supón unha achega sobre a implantación do estado moderno, ten unha gran importancia se pensamos que un dos principais problemas no mundo actual son os estados frustrados, o déficit de estado.

A maxia desta árbore do Anuario Brigantino é que é unha árbore que deixa ver o bosque. O mérito corresponde en boa medida aos brigantinos Carlos Fernandez e Xesús Torres que son, xunto ao director do Anuario, os autores con maior número de colaboracións desde que existe a publicación. Se recompilásemos e editásemos as súas publicacións en libros separados poderíamos comezar o gran bosque do Anuario Brigantino. Carlos Fernández podería facelo no campo de saúde pública, onde este ano incorpora unha nova perla con «*El médico Pose Roibanes: un brigantino en los inicios de la lucha contra la viruela*». Xesús Torres no da memoria histórica ou da prensa, como o exemplo do bo mestre rende, a súa redacción de «*Os fondos da prensa local: El Mandeo (1902)*» deste ano vese acompañado por un excelente traballo de Silvia Muiño Naveira cuxo título de «*Un breve recorrido por A Nosa Terra e El Pueblo Gallego (1916-1926): lingua galega e compromiso*» describe perfectamente o seu contido. Alfredo Erias, pola súa banda, baseándose fundamentalmente nos documentos do noso Arquivo Municipal, presenta hoxe a primeira entrega dunha obra que titula «*A invasión francesa de 1809 vista desde Betanzos*».

Nesta árbore non van faltar as bolboretas. Vicente de la Fuente encargouse diso. Logo de traballar polo Anuario co bastón de mando faino agora coa pluma. O seu traballo sobre «*La Comisión Pro-Cierre Dominical. Un movimiento social en el Betanzos de 1964-1968*» é un marabillioso recordatorio do bo facer dos nosos comerciantes. Gustaríame citalos a todos pero son innumerables e están ben representados na foto que acompaña ao traballo; era unha auténtica selección brigantina que non se conformaba con gañar a copa de Europa de fútbol, quería gañar a do benestar. Cando nos sesenta emigraban para Europa máis galegos dos que nacían e viamos como os europeos viñan aquí de vacacións, estes homes levantáronse pola dignidade da nosa xente e hoxe rendémolles homenaxe grazas a Vicente. É unha xusta contribución á memoria histórica e á concordia.

O capítulo de Arte, Literatura e Antropoloxía conta con nove amenas e variadas colaboracións. Dous dedícanse á Coruña, o noso gran porto histórico, o primeiro de Carmen Manso Porto sobre «*Escultura gótica de filiación burgalesa y orensana en Santo Domingo de A Coruña*» e o de Jorge Guitián Castromil sobre «*Fontes iconográficas para o monumento fúnebre de Dona Margarita de Austria erguido na cidade da Coruña en 1612*»; ambos demostran que a arte é unha linguaxe que se comunica. Neste ano que se constituíu a Eurorexión Galicia-Norte de Portugal é particularmente oportuno o traballo de Carlos Sastre Vázquez sobre «*La Igrexa de San Pedro de Rates (Póvoa de Varzim): algunas cuestiones iconográficas*». Ten gran interese a primeira entrega da «*Sintomatoloxía e curación de enfermidades tradicionais nas Mariñas coruñesas*» que presenta Lois Vilar na que mostra como foi cambiando o nome e tratamento das nosas enfermidades nas últimas xeracións.

Mención especial merece o estudo sobre a desaparecida casa de Dona Agueda que presenta Alberto Erias Morandeira e que deriva do seu proxecto fin de carreira. Sexa benvinda esta nova xeración familiar que se incorpora ao Anuario cun impecable rescate da imaxe e a historia daquel emblemático edificio. Gozarán da súa lectura, eu emocionéime moito ao ver as fotos dos meus amigos da familia Lafora González. Quero confesar que a primeira adquisición do Pasatempo para o Concello e a súa rehabilitación posterior, foi

posible porque o meu entrañable amigo Jaime Lafora González animoume, aconselloume e acompañoume nas conversacións coa súa familia. Aproveito esta ocasión para renderlle homenaxe polo seu amor a Betanzos.

Don Manuel Ares Faraldo está presente novamente no Anuario cunhas notas sobre a vida e obra de «*San Martiño*». É exemplar a bondade de San Martiño por repartir a súa capa co pobre que atarecía, pero o autenticamente admirable é que esa capa siga dando tanto de si e que o noso querido párroco de San Martiño de Tiobre a leve repartindo todos os días da súa vida. O broche final ten por título «*Evolución de la Semana Santa en Betanzos*» e o seu mérito corresponde a Carlos Álvarez López; explica como Betanzos aprendeu a mirar o sufrimento e a morte con esperanza.

Como sei o que nos espera logo, reservei a miña última mención para a magnífica contribución da profesora Concepción Delgado Corral, a principal colaboradora betanceira do Anuario, ao número deste ano. A súa entrega sobre «*A celebración anacreóntica do viño de Betanzos nos Xogos Frorais de 1952*», nos que foi mantedor Ramón Otero Pedrayo, marca un fito sobre este viño mariñán que como di o verso «*non é un amigo, que é un irmán*».

O viño está nas nosas raíces. Dise precisamente que a arca de Noé quedou varada no monte Ararat de Armenia despois do diluvio universal. Naqueles paraxes iniciouse o cultivo do viño que co tempo habería de converterse no símbolo mesmo da confraternidade e da propia divindade. Moitos sitúan alí a orixe do pobo celta. Betanzos é unha cidade de viño e peixes. Son un tesouro que o noso escudo municipal non mostra directamente senón dentro do seu cofre: o río e os seis tortillos de gules que segundo Vales Villamarín representan as seis monterías ou lombas que rodean a cidade e nas que se cultivaba a vide. Un acordo municipal de 1568 sinalaba os días e lugares en que debe desenvolverse a vendima en Cacabelos, Mandeu, Gimerás e Loureiros, Sarra, Ribalta e Abelares.

As memorias das entidades culturais e a sección gráfica dos «Acontecementos do ano» rematan a revista, como é tradicional. Eu tamén vou rematar.

O máis fermoso patrimonio da nosa cidade é a súa boa reputación. Coñécesenos como Betanzos dos Cabaleiros. A cabaleirosidade que nos caracteriza non é a calidade dos cabaleiros medievais, senón a virtude da xente cabal de todas as épocas (etimoloxicamente, cabal ten a súa orixe no latín *caput-capitis* que significa cabo ou cabeza, de cuxa raíz tamén deriva capital). Somos unha antiga capital de xente sempre capital. E o noso capital, esa condición de Cabaleiros, está no comportamento nobre e xeneroso, que non é atributo do poder nin do sangue, senón da cabeza e do corazón. Na cabeza e o corazón de Betanzos están os que contribúen á súa boa reputación; entre eles sitúo destacadamente a todos os que teñen colaborado e feito posible o Anuario durante estes anos, coas sucesivas Corporacións Municipais á fronte.

Logo de todo este percorrido poderíamos concluír, parafraseando a García Márquez, que Betanzos ten quen lle escriba. Con todo a historia non se pode escribir dunha vez e para sempre, senón que non hai que deixar de escribila, por iso Óscar Wilde dicía que «*o único deber que temos coa historia é reescribila*». O Anuario cumpre con este deber. Dentro dun ano, o tempo que leva á terra dar unha volta ao sol ou que tarda Alfredo Erias en dar a luz un novo número, teremos nas nosas mans outro exemplar. Só me queda desexarilles que cando o abran descubran «O Alén», esa illa invisible que só ás veces pode ser vista polos ollos humanos, e que nas súas páxinas atopen noticias que espero os colmen de dita e ledicia. *De hoxe nun ano.*